acuario

MARÍA CANOSA E TEATRO GHAZAFELHOS



Urdime
PROPOSTAS CULTURAIS
PARA A INFANCIA E A XUVENTUDE

Acuario

"Acuario" é teatro baseado no libro de poemas de María Canosa que leva o mesmo título. O seu obxectivo é que a xente miúda da casa se achegue á poesía en lingua galega á vez que aprende os nomes dos peixes e descobre a riqueza biolóxica (e gastronómica) do noso litoral.

Todo isto faise dun xeito ameno e divertido grazas á presenza dos vistosos monicreques, dos actores que lle imprimen o humor e dinamismo á actividade, da música e dunha escenografía a "mar de atractiva".

Acuario é un conxunto de versos doados e musicais que en ningún momento esquecen o seu propósito didáctico: amosar a maxia do noso patrimonio lingüístico... e mariño

Os xeniais Ghazafelhos unha vez máis serán quen, de que o mar, e os seus habitantes se acheguen a nos co humor delirante ó que nos teñen acostumadas.

.

Teatro dos Ghazafelhos

É unha compañía nada na comarca de Ferrolterra no ano 2006 e creada por Montse Piñón e Pepablo Patinho.

Centrándose no traballo de títeres, animación e teatro actoral especialízanse na realización de obras teatrais para público familiar. Na su andaina como compañía realizan contacontos, mímica, títeres,...e talleres de teatro para grupos infantís e de adultos. Adoptando ideas como as de Michael Ende en Momo de "escoitar aos demais..."ou Antoine Saint Exupéry, "O esencial é invisible aos ollos...."e intentando contar historias sinxelas e profundas como Charles Chaplin,

Ghazafelhos soña con evocar nas súas historias ás grandes xenialidades que entenderon o mais efímero da vida: a infancia

Repertorio Ghazafelhos:

Frankenstein| Iriña bailarina | Contos para escagarriñarse | Nana para un Soldado | Bon Appetit| ...3,2,1

Acuario

É unha obra para todos os públicos adaptada para interior e rúa.

Ficha Artística:

Autora: María Canosa
Dirección: Pepablo Patinho
Vestiario: Ghazafelhos
Efectos Sonoros e musicais: Jorge Casas
Escenografía e atrezzos: Ghazafelhos
Elenco: María Canosa, Montse Piñón, Jorge Casas, Pepablo Patinho

Ficha técnica:

Ancho: 7m
Alto: 3m
Fondo:4m
Son: 1000W (por conta da compañía)
Iluminación: 1500V
Duración: 50m.
Montaxe: 1,5h
Desmontaxe:1h
Público Familiar



Contratación

URDIME: www.urdime.net | info@urdime.net | T. +34 981937424 | M. +34 679946957 | T. +34 619920335